

MEMORIA XUSTIFICATIVA E DECLARACIÓN DE NON CONCORRENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG). ANO 2026

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes atribúe a este departamento, entre outras, as competencias en materia de relacións institucionais e parlamentarias. Ao mesmo tempo, unha das liñas prioritarias da consellería é o fomento das actividades que, promovidas por entidades sen ánimo de lucro, presten apoio e fomenten a integración social dos colectivos con discapacidade en orde a acadar as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

É neste contexto que, para facer accesibles todos os actos institucionais da Xunta de Galicia e de todo o sector público autonómico, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes quere fomentar a accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, en relación coas devanditas actividades institucionais dirixidas á poboación xeral ou colectivos específicos de todas as áreas da administración.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) é unha entidade sen ánimo de lucro fundada no ano 1979 e declarada de utilidade pública en 2005. A súa personalidade xurídica é a dunha federación, composta por sete asociacións de persoas xordas e unha das familias de persoas xordas na Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.



Ten como misión principal acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a LSE como valor esencial e está inscrita no Rexistro de Asociacións co número 107 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número E0204.

Dende hai mais de dez anos, a Xunta de Galicia vén asinando convenio de colaboración coa FAXPG para contribuír aos fins sinalados anteriormente. En concreto, a través desta colaboración a FAXPG participa co departamento correspondente, facilitando os medios persoais necesarios para garantir o acceso á información facilitada nos actos institucionais do sector público autonómico ao colectivo incluído no ámbito de aplicación da federación.

É con esta finalidade coa que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes está interesada en manter a dita colaboración coa FAXPG durante o ano 2026. Así, o obxecto do convenio de colaboración é o fomento da accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, en relación coas actividades institucionais que se celebren no ano 2026, dirixidas á poboación xeral ou a colectivos específicos de todas as áreas do Sector Público Autonómico.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aportar a cantidade de 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2026.05.05.121C.640.0 (código de proxecto 2015 0120).



Faise constar que neste caso non é posible a concorrência pública, debido á especificidade do obxecto do convenio, que consiste en desenvolver o contido concreto da colaboración anual entre as partes asinantes co obxecto de fomentar a accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, en relación coas actividades institucionais que se leven a cabo no ano 2026. Así mesmo, a FAXPG é a entidade mais representativa do colectivo de persoas xordas e xordo cegas de Galicia, garantindo deste xeito que se chegue ao maior número de persoas e promovendo así de maneira mais eficaz as condicións de igualdade necesarias. Todo isto conforme ao artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Sandra Vázquez Domínguez

